

A “MESA DE NEGOCIACIÓN BILATERAL”: unha proposta sectaria e ilegal dos sindicatos médicos corporativos.

Os sindicatos médicos corporativos (CESM-OMEGA) pretenden que os problemas laborais dos facultativos se negocien nunha mesa de negociación bilateral entre eles e o SERGAS, e ao marxe da Mesa Sectorial.

Trátase dunha proposta que parte de premisas falsas, e que é claramente ilegal. Tamén é unha proposta profundamente sectaria, pois parte da autoproclamación dos seus promotores como únicos representantes dos facultativos, e pretende deixar ao noso sindicato fóra da negociación das condicións laborais e profesionais dos facultativos. Ademais, trátase dunha proposta que debilita a unidade de acción de todos os que afirmamos que nos opoñemos aos recortes e aos intentos de desmantelar a sanidade pública.



CIG-Saúde, e os facultativos que formamos parte da súa Agrupación Médica (AgM-CIG), non estamos dispostos a ficar calados nin quedos diante dun intento premeditado de negar o noso dereito á negociación colectiva e de marxinarlos. Temos razóns sobradas, e somos quen de razoalas e explicalas. Facémolo aquí.



A recente convocatoria de folga de facultativos do 16/11/2011, e súa posterior e escura desconvocatoria, volveu situar no centro do debate entre os profesionais sanitarios, unha vella pretensión do sindicalismo médico corporativo: a de que se abra “**una Mesa de negociación y dialogo directo entre la Administración y CESM-OMEGA en la que se negociarán todas las cuestiones con repercusiones sobre el facultativo y la asistencia sanitaria**”. Este, e non a loita contra os recortes, era o 1º obxectivo que se perseguía coa folga do 16/11/2011, como ficaba claramente establecido na acta de convocatoria de folga. Polos motivos que axiña explicamos, esa “**Mesa bilateral**”, é **unha proposta totalmente inaceptábel para a CIG e para os facultativos que formamos a súa Agrupación Médica (AgM-CIG)**. Neste documento explicamos as nosas posicións.

SUMARIO:

- A. As falsas premisas sobre as que se basea a proposta da “Mesa Bilateral”.
- B. A proposta de “Mesa Bilateral” é ilegal, inviábel dentro do actual ordenamento xurídico.
- C. A desconvocatoria da folga do 16/11/2011, a “Mesa Bilateral”, e as “vías de dialogo constante e complementario”.
- D. A proposta de “Mesa Bilateral” debilita a loita contra os recortes e en defensa da sanidade pública.

A.- AS FALSAS PREMISAS SOBRE AS QUE SE BASEA A PROPOSTA DA “MESA BILATERAL”.

Cando pretenden xustificar a súa proposta desa “Mesa bilateral de negociación”, o sindicalismo médico corporativo parte de premisas que, como demostramos a continuación, a evidencia empírica demostra que son falsas.

1) A primeira desas falsas premisas é a de que as únicas organizacións sindicais que representan aos facultativos e defenden os seus intereses son eles mesmos, mentres que os sindicatos de clase non corporativos (como a CIG) so representaríamos aos grupos profesionais de menor cualificación profesional e non aos facultativos.

Ninguén discute que o sindicalismo médico corporativo conta cun forte apoio (maioritario) entre os facultativos do SERGAS, como demostraron as últimas eleccións sindicais. Mais a partir deste feito, dan un salto no aire sectario,



ALERTA PREMISAS FALSAS

excluinte e antidemocrático: **pretenden autoerixirse nos únicos representantes dos facultativos, negando a evidencia de que o noso colectivo profesional é plural, e de que somos miles os facultativos que nin os votamos nin nos sentimos representados por eles¹**, entre os que temos que contar aos afiliados a outros sindicatos, incluídos os centos de facultativos da Agrupación Médica da CIG (AgM-CIG). A proposta de “Mesa bilateral de negociación” entre a administración e os sindicatos médicos corporativos, supón **o intento antidemocrático e sectario de deixar ao**

¹ Os médicos do SERGAS somos **un colectivo profesional con importantes especificidades**: somos os continuadores dunha actividade profesional milenaria con importantes referencias simbólicas para a poboación; accedemos á actividade laboral despois dun moi prolongado período de formación cheo de retos e dificultades, que nos esixiu esforzos importantes; durante toda a nosa vida laboral se nos esixe que realicemos un esforzo continuo de actualización; somos, ademais, o colectivo profesional sanitario de maior cualificación da sanidade pública e xogamos un papel central na actividade desta, ao sermos os máximos responsabeis das decisións clínicas e tomar a cotío decisións que implican un elevado consumo de recursos. Mais, a diferenza de como exercíamos a nosa profesión noutras épocas históricas, e de xeito similar ao que sucede cos demais colectivos profesionais que traballan no SERGAS, os médicos da sanidade pública traballamos como asalariados contratados pola administración. Este feito innegábel, e definidor tamén da nosa realidade actual, é asumido de xeito diverso polos profesionais.

Moitos facultativos aceptamos a realidade de que, con todas as nosas especificidades, en canto asalariados formamos parte da clase traballadora e temos intereses laborais no fundamental comúns co resto dos grupos profesionais da sanidade pública e, de que como eles e a maioría da cidadanía, estamos obxectivamente interesados nunha sanidade pública de calidade, polo que nos opoñemos abertamente aos intentos neoliberais de privatizala.

Pola contra e malia que non negan que sexamos asalariados, **outros moitos profesionais seguen ancorados nunha visión da nosa realidade profesional que se corresponde con outros tempos, nos que o exercicio da nosa profesión faciámola basicamente como profesionais liberais** contratando nós, cando o precisabamos, a outros profesionais non sanitarios ou sanitarios non facultativos.

Destas dúas visións diferentes da nosa realidade laboral, tíranse conclusións sindicais ben diferentes: somos miles os facultativos do SERGAS que aceptamos a realidade de que formamos parte da clase traballadora e estamos afiliados ou simpatizamos cos sindicatos de clase non corporativos, como é o caso da CIG; mentres que outros moitos profesionais non acaban de aceptar que traballamos por conta allea, e fan súas as posicións sindicais defendidas polos sindicatos médicos corporativos, que sempre fan moito máis fincapé no que nos divide aos diferentes grupos profesionais de traballadores da sanidade pública que no moitísimo que nos une e que, ademais, carecen dunha visión global dos problemas e necesidades do sistema sanitario público, e teñen unha posición morna e pouco firme diante dos evidentes intentos actuais de privatizar a sanidade pública.

Desde a CIG e desde a súa Agrupación Médica, loitamos na defensa dos intereses laborais e profesionais dos facultativos, mais facémolo dentro dunha visión global de defensa da unidade de todos os traballadores do sector, e defendemos sen ningún tipo de dúbida á sanidade pública, opoñéndonos a súa privatización. **Desde a AgM-CIG esforzámonos para que a CIG sexa, cada vez máis, un instrumento útil na defensa dos intereses laborais e profesionais dos facultativos e do conxunto dos traballadores da sanidade.**

marxe da negociación das nosas condicións laborais e profesionais, aos facultativos que non estamos afiliados nin simpatizamos con CESM&OMEGA, pois simpatizamos e votamos a outros sindicatos.

É evidente que a CIG, e a súa Agrupación Médica, non podemos aceptar propostas que pretenden excluírnos e marxinaros, polo que temos todo o dereito a opoñernos activamente a propostas como a desa “Mesa de negociación bilateral” entre CESM-OMEGA e a administración na que, sen contar cos demais sindicatos da Mesa Sectorial “se negociarán todas las cuestiones con repercusiones sobre el facultativo y la asistencia sanitaria”.

2) A segunda das falsas premisas das que parte a proposta da “Mesa bilateral” é a de que as únicas organizacións sindicais que loitan en defensa dos intereses dos facultativos son as organizacións médicas corporativas pois, segundo eles, os sindicatos de clase non corporativos, como a CIG, non defendemos, nin mediante mobilizacións nin nas negociacións na Mesa Sectorial, as reivindicacións dos facultativos. A evidencia empírica demostra que esta premisa tamén é falsa.

Quen teña seguido cun mínimo interese a evolución da problemática profesional dos facultativos galegos, non poderá negar a **importante participación da CIG, e dos facultativos da súa Agrupación Médica, nas negociacións na Mesa Sectorial e nas loitas por conseguir mellorar as condicións laborais e profesionais dos facultativos do SERGAS.** Coincídase ou non coas nosas análises e propostas, so un cego, ou alguén moi despistado ou moi sectario, poderá negar a participación da CIG na loita polo [Réxime Transitorio de Carreira Profesional](#) (C.P.), e nas presións por tentar forzar a administración a que se establecer dunha vez o [Réxime Ordinario de C.P.](#); na negociación e loita contra a precariedade e por conseguir [OPEs e Concursos de Traslados](#) periódicos e por evitar os chanchullos nesas convocatorias; por conseguir os acordos que permitiron incrementar substancialmente o número de prazas de médicos que se incluíron no [Plan de Mellora de Atención Primaria](#); na loita por conseguir o novo réxime retributivo dos facultativos de [urxencias hospitalarias](#); na loita por conseguir [os acordos de PAC](#) que permitiron que se crearan e saíran a OPE as actuais prazas de médicos de PAC; nas loitas contra moitas [inxustizas](#) e [marxinacións de profesionais ocasionados polo autoritarismo de algúns xefes de servizo](#); [na loita contra un modelo de CPV excluínste e non consensuado cos profesionais](#); ...

Quen negue a evidencia de que a CIG, e os médicos da súa Agrupación Médica (AgM) temos loitado activamente na defensa dos intereses laborais e profesionais dos facultativos do SERGAS, está negando a realidade, sendo un sectario, ou mentindo con pleno coñecemento, porque non lle gustan moitas das nosas posicións (como a defensa da dedicación exclusiva dos médicos da sanidade pública, ou a nosa total oposición a privatización da sanidade pública), ou porque pretende autoerixir aos sindicatos médicos corporativos en representantes exclusivos dos facultativos do SERGAS, negando a pluralidade evidente do noso colectivo profesional.

B.- A PROPOSTA DE “MESA BILATERAL” É ILEGAL, INVIÁBEL DENTRO DO ACTUAL ORDENAMENTO XURÍDICO.

Como xa sinalamos antes, o 1º obxectivo da convocatoria de folga realizada por CESM-OMEGA para o 16/11/2011, era a **“Apertura de una Mesa de negociación y dialogo directo entre la Administración y CESM-OMEGA en la que se negociarán todas las cuestiones con repercusiones sobre el facultativo y la asistencia sanitaria”.**

Como demostramos a continuación, a apertura desa “Mesa de Negociación Bilateral”, é unha proposta claramente ilegal e de imposible encaixe dentro do actual marco legal que regula as relacións laborais no



SERGAS, e sorprende que os sindicatos médicos corporativos a teñan convertido nun elemento central da súa estratexia.

O marco normativo fundamental que regula a negociación colectiva no SERGAS está constituído sobre todo pola Constitución Española, a Lei Orgánica 11/1985 de Liberdade Sindical, a Lei 9/1987 de órganos de representación, determinación das condicións de traballo e de participación do persoal ao servizo das administracións públicas, e a Lei 55/2003 do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde.

A **Constitución Española**, no seu Art. 28, establece como un dereito fundamental o de liberdade sindical. A lei Orgánica 11/1985 establece que as organizacións sindicais no exercicio do liberdade sindical teñen dereito á negociación colectiva. A **Lei 9/1987** de órganos de representación, determinación das condicións de traballo e de participación do persoal ao servizo das administracións públicas, establece o dereito dos sindicatos á negociación colectivo no ámbito da administración pública, integrando ese dereito como contido adicional do de liberdade sindical, e, por outra banda, non deixa a configuración da negociación colectiva á plena liberdade dos sindicatos e das administracións públicas implicadas, senón que establece por si mesma os órganos de negociación, o obxecto desta, e as liñas xerais do procedemento da negociación colectiva. Finalmente a **Lei 55/2003 do Estatuto Marco** do persoal estatutario dos servizos de saúde, establece que no ámbito de cada servizo de saúde constituirase unha mesa sectorial de negociación, en que estarán presentes os representantes da correspondente Administración pública ou servizo de saúde e as organizacións sindicais máis representativas no nivel estatal e da comunidade autónoma, así como as que obteñan o 10 por cento ou máis dos representantes na eleccións para delegados e xuntas de persoal no servizo de saúde. Este, e non outro, é o marco legal que regula a negociación colectiva dos traballadores do SERGAS: **o único ámbito legal de negociación colectiva dos traballadores do SERGAS, incluídos os facultativos, é o constituído pola Mesa Sectorial de Sanidade.**

A xurisprudencia sobre o carácter ilegal dos intentos de crear vías de negociación paralela ás establecidas legalmente é ampla e, no caso dos traballadores estatutarios, ten especial relevancia a **Sentenza 80/2000 do Tribunal Constitucional** na que, a requirimento por certo da CIG,

A Sentenza 80/2000 do Tribunal Constitucional (TC), emitida a requirimento da CIG, é especialmente clara sobre a ilegalidade de propostas como a da "Mesa de Negociación Bilateral" que pretenden CISM-OMEGA. Nesa sentenza:

- O TC establece claramente que deixar fora da negociación dun problema laboral a un sindicato membro da Mesa Sectorial supón unha clara vulneración do **dereito fundamental** de liberdade sindical no aspecto concreto do dereito á negociación colectiva que teñen os sindicatos.
- Deixa ben claro que **a negociación colectiva é algo máis que o acordo final desa negociación**, e que **é ilegal excluír a un sindicato dos traballos dun relatorio (ponencia), ou grupo de traballo, constituído para a elaboración dun posíbel futuro acordo que no seu momento se someterá a aprobación da Mesa Sectorial**, pois o dereito de negociación colectiva consiste, antes que na ratificación ou non dun acordo, na propia actuación negociadora e nas deliberacións por medio das que o acordo se vai realizando.
- Destaca que a configuración colexial da Mesa Sectorial e da negociación mesma que se lle encomenda, difire sensiblemente dun modo de negociación no que cada un dos integrantes negociase ao marxe do conxunto da Mesa. Pois, razoa a sentenza, a pluralidade dos membros da Mesa Sectorial, portadores de intereses distintos, así como o coñecemento de cada un deles das posicións dos demais na negociación, poñen de manifesto que non son equiparábeis a negociación no seo da Mesa e as negociacións bilaterais ao marxe desta; concluíndo que **o dereito a negociar na Mesa Sectorial non pode ser suplantado pola negociación alternativa doutro sindicato ao marxe da Mesa.**

reafirmase todo o explicado no parágrafo previo e, ademais, fanse aclaracións especialmente relevantes relacionadas coa “Negociación Bilateral” (ver recadro).

Outras sentenzas do Tribunal Constitucional (85/2001, 222/2005, ...), confirman plenamente a clara ilegalidade de pretendidas “Mesas de negociación bilaterais”, ao marxe da Mesa Sectorial, como a que teima en abrir CESM-OMEGA.

D.-A DESCONVOCATORIA DA FOLGA DO 16/11/2011, E AS “VIAS DE DIALOGO CONSTANTE E COMPLEMENTARIO”.

O sindicalismo médico corporativo pretende argumentar que o principal motivo polo que aceptou a desconvocatoria da folga foi que o SERGAS se comprometeu a avanzar no camiño da “Mesa bilateral”. Así fica expresado nas paxinas web de CESM² e OMEGA e en correos electrónicos enviados por delegados destes sindicatos aos facultativos³:

Trátase dunha curiosa interpretación do texto da acta de desconvocatoria, na que a verdade é que o SERGAS non se compromete a nada en concreto⁴, alén de seguir falando con CESM e OMEGA, algo que por outro lado nos parece moi ben, pois a CIG sempre defendeu, e practicou, o dialogo bilateral coa administración, tendo moi claro que **unha cousa é o diálogo e outra ben distinta é a negociación**, e que esta última so debe, e legalmente pode, realizarse na Mesa Sectorial.

Que no actual marco xurídico non cabe a “Mesa de negociación bilateral” que propoñen CESM-OMEGA, é algo que sabe perfectamente a Administración, e por iso non podía aceptar poñer por escrito que van negociar “bilateralmente” cos sindicatos médicos corporativos, porque de facelo estaría cometendo, con premeditación e alevosía, unha clara ilegalidade. **A administración quería neutralizar unha convocatoria de folga en período preelectoral, e CESM-OMEGA necesitaban salvar a cara** porque realmente non tiñan intención de mobilizar contra os recortes. Resolven a situación asinando un acta chea de xeneralidades do tipo de “*ábrense vías de diálogo*”

² Nova incluída na web de CESM o 18/11/2008, e na de OMEGA uns días máis tarde: “... *El 14 noviembre desconvocamos la huelga, al conseguir que la Administración aceptase –mediante compromiso escrito- abrir una vía de diálogo directo CESM-OMEGA / SERGAS para tratar los temas que afectan específicamente a los facultativos y a la asistencia sanitaria (sin que ello signifique ignorar las competencias de Mesa Sectorial), además de revisar los ítems excluyentes introducidos unilateralmente por el Sergas en el CPV-2011. Estas y no “humo” han sido las razones para que se acordase la desconvocatoria de la Huelga de Facultativos del SERGAS*”.

³ Correo electrónico enviado por delegados de CESM-OMEGA d’A Coruña o 20/11/2010: “*Aunque aparentemente la lectura del acta de la reunión, en una primera impresión, da la sensación de que solo se fue a tratar un tema en concreto, CPV, no ha sido así. Si la leéis con detenimiento en el párrafo 6º, se abre la vía por la que hemos estado luchando los sindicatos médicos desde el principio, que es la de crear un sistema (vías, mesas, fórmulas...) de diálogo bilateral entre administración y facultativos, sin otras interferencias. Cito textualmente el acta: “Neste marco de apertura de vías de diálogo constante e complementario serán tratados todos aqueles temas de interese para ambas partes co compromiso de esgotar as vías de diálogo en aras de garantir a paz social.” Este es el tema principal de la desconvocatoria de la huelga*”.

Repárese en que no seu afán de autoerixirse en representantes “únicos” dos facultativos, os sindicatos médicos corporativos cualifican de “interferencias” a participación doutras organizacións sindicais na negociación dos problemas dos facultativos.

⁴ Acta de desconvocatoria da Folga do 15/11/2011: “*De cara a futuros ejercicios, e con respecto ao complemento de produtividade variable, ambas partes evidencian a conveniencia de adaptarse ás necesidades actuais da organización e a tal efecto, ábrense vías de diálogo constante e complementario entre ambas partes asinantes. Na determinación dos temas a tratar terase en conta o contexto socioeconómico e as dispoñibilidades orzamentarias de cada momento.*

Neste marco de apertura de vías de diálogo constante e complementario serán tratados tamén todos aqueles temas de interese para ambas partes co compromiso de esgotar as vías de diálogo en aras de garantir a paz social”.

constante e complementario entre ambas partes” que realmente non compromete a nada á Administración, e que, para poder salvar a cara, os sindicatos médicos corporativos interpretan interesadamente, como o compromiso de establecemento dunha, imposible legalmente, vía bilateral de negociación.

Como é previsíbel que, no futuro, CESM-OMEGA teimen en seguir tentando forzar a “negociación bilateral” ao marxe da Mesa Sectorial, e como é moi posíbel que a Administración “se deixe querer”, **non debemos descartar que no futuro asistamos a intentos de “negociacións bilaterais” ilegais e “de tapadillo”,** nas que se os sindicatos médicos corporativos e a Administración cheguen a acordos pola súa conta, que logo pretendan trasladar á Mesa Sectorial para que alí sexan ratificados.



Tanto a Administración como CESM-OMEGA deben saber que **CIG-Saúde non aceptará en ningún caso acordos que se teñan negociado ao marxe da Mesa Sectorial, e que denunciará nos tribunais ese tipo de chanchullos claramente contrarios ao dereito á negociación sindical,** integrante consubstancial do dereito fundamental a liberdade sindical, que inequivocamente lle reconece ao noso sindicato o actual marco legal.

A PROPOSTA DE “MESA BILATERAL” DEBILITA A LOITA CONTRA OS RECORTES E EN DEFENSA DA SANIDADE PÚBLICA.

A teima en que se estableza unha “Mesa de negociación bilateral” entre CESM-OMEGA e a Administración, é unha proposta que introduce un elemento de división moi importante na loita por conseguirmos melloras laborais e profesionais e, no momento actual, é unha proposta que debilita a cada vez mais necesaria unidade de todas as forzas sindicais e sociais que pretendemos evitar que se sigan deteriorando as condicións laborais e retributivas dos facultativos, e de todos os traballadores da sanidade, e para conseguir parar o proceso de destrución progresiva e privatización da nosa sanidade pública.

O apriorismo de que eles son os “únicos” representantes dos facultativos, reduce drasticamente a capacidade dos sindicatos médicos corporativos para aceptar a evidencia de que **sen sectarismos e mediante a unidade de acción** dos diversos sindicatos que temos presenza entre os profesionais da sanidade pública, **incrementáanse drasticamente as posibilidades de termos éxito en moitas das reivindicacións que compartimos:** por exemplo, por evitar que o CPV sexa un instrumento arbitrario en mans da administración, ou na oposición aos recortes que xa nos aplicaron e que, con seguridade, van pretender seguir aplicándonos. As resistencias á aceptar a pluralidade interna do noso colectivo, é un importante obstáculo para a defensa dos nosos intereses colectivos.



**NON AOS RECORTES,
DEFENDAMOS Á
SANIDADE PÚBLICA**

Decembro, 2011.